

TRABALLO POR PROXECTOS

"Díme e olvído, ensíname e lémbroo,,
involúcrame e apréndoo"

Benjamin Franklin



ÍNDICE

- 1.- Que é un proxecto?
- 2.- Fundamentos pedagóxicos
- 3.- Cadro comparativo do ensino tradicional e a aprendizaxe por proxectos.
- 4.- Vantaxes e desvantaxes da aprendizaxe por proxectos.
- 5.- Fases de desenvolvemento dun proxecto:
 - a) Elección do tema
 - b) Que sabemos e que queremos saber
 - c) Búsqueda de información
 - d) Organización do traballo
 - e) Desenvolvemento do proxecto
 - f) Recopilación. Que aprendemos
 - g) Avaliacion dos resultados
- 6.- Ideas para proxectos
- 7.- Conclusións

QUE É UN PROXECTO?

Un proxecto é unha proposta de ensino na que non se busca que o alumnado repita o que estudou senón que aprenda investigando, experimentando e vivindo cada un dos procesos de ensino-aprendizaxe.

Esta forma de traballo, rescata a perspectiva do alumnado, presenta o coñecemento como un contrutor global, rompe coa homoxeneidade do libro de texto , facilita a interconexión coa vida non escolar e anima á autonomía .

FUNDAMENTOS PEDAGÓXICOS


Esta proposta de ensino, susténtase nuns principios pedagóxicos sólidos como:

- ❖ **Aprendizaxe significativa e activa** : o alumnado aprende motivado polos seus intereses. Implícase no proceso de ensino-aprendizaxe. Non recibe a información de xeito pasivo.
- ❖ **Identidade e diversidade**: Cada un dos membros do grupo aporta algo, son escoitados, son importantes. As actividades adáptanse aos diferentes ritmos e aos diferentes intereses.
- ❖ **Investigación sobre a práctica**: O alumno manipula a información, aporta ideas, desenvolve a súa autonomía e iniciativa. O erro é parte da aprendizaxe.
- ❖ **Avaliación procesual**: permítenos botar unha ollada atrás, comparar o que aprendimos co que xa sabíamos. Non se avalía o que se aprende senón como se aprende.
- ❖ **Globalidade**: non se traballan contidos de xeito aillado, senón relacionados co tema de investigación. Cun sentido, unha funcionalidade.

ENSINO TRADICIONAL FRONTE Á APRENDIZAXE POR PROXECTOS

PROXECTOS	TRADICIONAL
O tema xurde das motivacións do grupo. Tense en conta o que xa saben os nenos e o que queren saber.	Os contidos introdúcense de forma forzada.
Os tempos e os espazos son flexibles, adaptados ao grupo, ás súas necesidades, aportacións e motivacións.	Os tempos e os espazos son máis pechados. O ritmo marca a programación.
O erro é unha fonte de aprendizaxe, de diálogo, de contraste de ideas, por iso, valórase positivamente.	O erro é algo que se ten que evitar.
A avaliación prima o proceso por riba dos resultados. Non se concibe únicamente o resultado final senón dun modo procesual. Ao inicio, durante todo o proceso e ao rematar o proxecto.	A avaliación ten como referente o cumprimento dos obxectivos previstos.

VANTAGES E DESVANTAGES DA APRENDIZAGEM POR PROJETOS



DESVANTAGES

- ❖ Custa que funcione em estudantes desmotivados com baixo nível de curiosidade.
- ❖ Necesita un alto nivel de preparación e elaboración polo que supón unha carga de traballo extra para o docente.
- ❖ É difícil de avaliar.

COMO SE FAI?

Para comprender mellor en que consiste un Proxecto de trabajo deberemos adentrarnos nas fases (non secuenciais) polas que hai que pasar para o seu desenvolvemento.


Estas fases, por supuesto, non son un esquema ríxido a seguir dun modo mecánico senón que o desenvolvemento do proxecto debe ser dinámico, en continua evolución e adaptado ás propostas que vaian xurdindo no grupo.


- 1.- Elección do tema de estudio. Motivación.**
- 2.- Que sabemos e que queremos saber**
- 3.- A búsqueda de información**
- 4.- Organización do traballo**
- 5.- O desenvolvemento do proxecto: realización de actividades**
- 6.- Recopilación: que aprendemos**
- 7.- Avaliación do realizado**

1.- ELECCIÓN DO TEMA. MOTIVACIÓN

Este é quizais un dos momentos máis importantes xa que dependendo do grao de interés do proxecto o seu desenvolvemento pode ser moito máis sinxelo e entusiasmante.

Un proxecto pode iniciarse de moitas e variadas formas.





Calquera tema que elixan, aínda que nos puidan parecer moi lonxano ás tarefas escolares, non é así, sempre pode servir para abordar calquer contido curricular.

Tanto un xeito como outro para a elección dos proxectos, pódese levar a cabo en todos os niveis educativos.

2.- QUE SABEMOS E QUE QUEREMOS SABER

Nesta segunda fase, investigamos cales son as ideas previas dos nenos/as sobre o tema no que se centrará o noso proxecto de traballo a través dunha actividade grupal de diálogo e escoita entre uns e outros. Podemos apuntar no encerado, nun grande papel continuo tipo mapa conceptual ou índice,...

A continuación, recollemos as súas preguntas sobre o que queren aprender sobre ese tema e empezamos a plantexarnos que podemos facer para dar solución a todas as preguntas.

QUE SABEMOS?

- Sol é unha estrela
- Hai estacións
- Hai planetas
- A Terra é o noso planeta
- Os astronautas levan roupa branca
- Vemos o ceo cun telescopio
- As naves espaciais son para ir
ao espazo

QUE QUEREMOS SABER?

- Eclipses
- Como se produce o día e a noite
- estacións
- Que son os meteoritos
- As fases da lúa
- Que astronautas foron ao espazo
- Que son as constelacións
- Quem inventou o telescopio

3.- A BÚSQUEDA DE INFORMACIÓN

Nesta etapa do proxecto planificamos a busca de información, definimos as fontes, a quen preguntar, onde acudir, indicamos as estratexias de busca, reflexionamos sobre as fontes que consideramos máis potentes, pertinentes e fiables.

Acordamos que facer con esa información: valórase, contrástase, compárase, esquematízase e comunícase.

Calquera recurso pode ser bo: unha receita, un conto, unha experiencia, fotos, un video, libros, posters, unha maqueta, unha visita de “experto” ... etc. No fai falta comprar nada. Todo vale.


En Educación infantil, mandaráselles unha carta ás familias, informándoos de que se vai a facer, e a forma na que poderán colaborar aportando cousas.

Habilitarase un rincón na clase onde se expoñerá todo o material que veña de casa e o que haxa no centro.




4.- ORGANIZACIÓN DO TRABALLO

Cada proxecto esixe unha planificación seria pero flexible. Nesta fase o papel do mestre é fundamental. Temos que plantexarnos que pretendemos que o noso alumnado aprenda co mesmo e somos os encargados de :



Isto, aportaranos seguridade, unha guía, que será provisional e aberta ao cambio. Calquer acontecemento, pode variar o traxecto do proxecto de investigación.

Pero igual de importante que é a nosa planificación, tamén é a que debe realizar o noso alumnado. Deben ter claro cal é a finalidade do proxecto xa que coñecendo a finalidade, poden aportar ...




Asemade durante todo o proxecto poderán ir avaliando si van encamiñados hacia o seu obxectivo. O interesante é darlle esa oportunidade real de participación e verdadeira escoita.

5.- DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Nesta fase xa estamos preparados para levar a cabo o noso proxecto de investigación realizando distintas actividades.

É convinte ter presente a estas alturas, como imos a pechar o proxecto, é dicir, cal será o froito que poderemos vivir ou realizar, xa que hacia ahí haberá que ir encamiñando as actividades.



En ocasións, sobre a marcha, vaise reconducindo ese produto final e o que ía a ser un libro de aula, convértese nunha gran exposición no centro.

Dependendo da temática do proxecto pódense realizar unhas actividades ou outras. Por exemplo, nun proxecto sobre o espazo:

❑ Pódense ver películas, documentais, ...:



❑ Investigar, facer experimentos, manipular:

3º Probamos a tirar distintas pelotas desde diferentes alturas e medimos a lonxitude do cráter:

Desde 20 cm:




Nunha táboa de 1'25 cm colocamos a cada extremo unha bola de porespán duns 4 cm a un lado e outra de menor tamaño no outro




Illuminamos co retroproxeutor a Terra e vimos como unha sombra se proxectaba sobre a Lúa e viceversa. Cando proxectabamos a luz sobre a Lúa, a sombra proxectábase sobre a Terra.





❑ Facer manualidades, disfrazarse, facer teatro:



❑ Recibir a visita dalgún experto:





Un inxeniero da NASA



Un membro da Sociedade
Galega de Historia Natural




❑ Escribir e ler sobre o tema. Elaborar un dossier onde recoller o aprendido:



☐ Facer algunha excursión ou saída:



- ❑ Utilizar recursos TIC como o programa Stellarium, libros LIM, o blog do proxecto, outros recursos e aplicacións de internet, ...



6.- RECOPILACIÓN: QUE APRENDEMOS

Unha vez finalizado o proxecto, recollemos e anotamos os coñecementos aprendidos polos nosos alumnos/as nunha actividade grupal de diálogo e escoita entre uns e outros e o materializamos nun resultado final como pode ser unha exposición, un mural, un dossier, o mapa conceptual...

Un exemplo de dossier:



Exposición:



Plantación de
árbores




7.- AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

A avaliación permitiranos adaptar, reconducir, axustar as propostas de traballo, os materiais, os espacios, etc ás diferencias individuais que vaíamos observando en cada neno/a e no grupo e aos novos coñecementos e por tanto novas propostas que amosan que o proxecto está vivo e aberto.

Levarase a cabo de forma continua ao longo de todo o desenvolvemento do proxecto.

Non debemos perder de vista o establecer momentos para concretar cando, que, como e quen no proceso de avaliación dun proxecto de traballo.



AVALIACIÓN INICIAL

AXENTES E ASPECTOS A AVALIAR	QUE	COMO	QUEN
ALUMNADO	Coñecementos previos	-Aportacións na asamblea. - Representacións plásticas, escritas,...	-Nenos e nenas - O profesor/a
DOCENTE	Coñecementos previos, rol e traballo en equipo.	Coordinación con outras e outros docentes implicad@s.	Os profesores/as implicad@s.
FAMILIAS	Implicación e participación.	-Explicación do proxecto nas reunións de aula. - Sondeo dos posibles recursos: materiais, figura do experto, posible saídas.	Titores e titoras.
CENTRO	Organización de recursos: humanos, materiais e espazos.	-Coordinación d@s profesor@s implicados. - Información no claustro do proxecto. -Organización de actividades xerais.	Equipo docente.

AVALIACIÓN DO PROCESO

AXENTES E ASPECTOS A AVALIAR	QUE	COMO	QUEN
ALUMNADO	-Propostas realizadas e pendentes. - Novas aprendizaxes. -Organización da aula.	-Asamblea de aula. - Transmisión dos coñecementos adquiridos aos demais. -Representacións plásticas, escritas,...	-Nenos e nenas - O profesor/a
DOCENTE	-Propostas realizadas e pendentes. -Novas aprendizaxes.	-Na asamblea: valoración e viabilidade das novas propostas. -Rexistro de participación e implicación do alumnado no proxecto, traballos realizados, alumnado e diálogos.	Os profesores/as implicad@s.
FAMILIAS	Implicación e participación.	-Aportación de materiais á aula. -Colaboracións.	Titores e titoras.
CENTRO	Organización de recursos: humanos, materiais e espazos.	Seguimento en reunións de ciclo e claustro.	Equipo docente.

AVALIACIÓN FINAL

AXENTES E ASPECTOS A AVALIAR	QUE	COMO	QUEN
ALUMNADO	-Novas aprendizaxes. -Que aprendemos?	-Recollida de coñecementos finais: paneis, contarllo aos demais,...	-Nenos e nenas
DOCENTE	-As miñas aprendizaxes finais. -Programación. Revisión e conclusión sobre: obxectivos, contidos, actividades, recursos, práctica educativa, traballo en equipo.-	-Rexistro de indicadores finais de avaliación de todo o proxecto. -Recollida de coñecementos finais a través de paneis, traballos do alumnado, do “diario do proxecto”,... -Elaboración do documento final do proceso. -Análise e reflexión nas reunións.	Os profesores/as implicad@s.
FAMILIAS	Implicación e participación.	-Valoración nas reunións de aula: aportacións e colaboracións realizadas.	Titores e titoras.
CENTRO	Organización de recursos: humanos, materiais e espazos.	Recollida por escrito dos aspectos máis significativos.	Equipo docente.

Utilizaremos diferentes instrumentos e recursos como o caderno anecdotario (diario de clase), dossier, traballos dos nenos e nenas, recoller información de grupo e individuais, transcripcóns literais de conversacións dos nenos/as, observación dos seus xogos, tamén rexistros de avaliación cuns items comúns como:

- **Busca e aporta información.**
- **Participa de xeito activo nas actividades propostas.**
- **Fai propostas de actividades relacionadas co proxecto.**
- **Faise preguntas sobre o proxecto a realizar.**
- **Apoia as propostas doutros compañeir@s.**
- **É capaz de traballar en pequeno grupo pedindo axuda e ofrecéndoa.**
- **Anticipa os pasos que ten que dar para realizar a tarefa.**
- **Ampliou o seu coñecemento sobre o tema.**
- **Transmite a outras persoas o aprendido.**
- **Atópase motivad@s polo proxecto...**

Pero o que principalmente debemos avaliar é como encara cada alumno/a a aprendizaxe e que grao de implicación ten na marcha global do grupo.


Ademais da nosa avaliación, haberá tamén unha autoavaliación do propio alumnado tipo:

Comprendín o que tiña que facer?
Participei na actividade?
Saiume ben?
Que me resultou máis difícil?
Que foi o máis sinxelo?

Sentinme ben realizando a actividade?
Tiven problemas?
Necesitei axuda?
Axudei a outros compañeiros?
Que me gustou máis?

RESUMINDO:

FASES DUN PROXECTO



Imaxe: O traballo por proxectos (Xunta de Galicia)

IDEAS PARA PROXECTOS




<https://sites.google.com/site/unproyectoentretodos/>

CONCLUSIÓN

Por que traballar por proxectos:

- Porque queremos alumnos e alumnas motivados e con ganas de aprender.
- Porque traballamos para facer dos nosos alumnos/as persoas de futuro con capacidade crítica.
- Porque non queremos alumnos/as autómatas, senón persoas con estratexias para aprender por si mesmas.

A graphic of a spiral-bound notebook with a white cover and blue horizontal lines. The spiral binding is on the left side. The text is centered on the page.

Moitas grazas
pola vosa atención